

1. **Mellora a túa imaxe persoal.** Xa que a maioría dos empregos se atopan por contactos, debes facer o posible por ofrecer unha boa imaxe de ti mesmo: aprende a escoitar, conversa, sé amable, non critiques, fai cumpridos e coida o teu aspecto.
2. **Organiza unha rede de contactos.** Cada un de nós ten unha gran rede de familiares, coñecidos e amigos. Fai unha lista de contactos potenciais cos que contar.
3. **Amósate dispoñible.** Debemos procurar que os demais contacten fácilmente con nós, que se acorden fácilmente e nos teñan na súa mente.
4. **Amplia os teus coñecidos.** Participa en actividades sociais, sae da casa e relaciónate coa xente que téas ao teu arredor, mantén conversas agradables e pon en práctica as túas habilidades sociais.
5. **A lista de contactos pode incluír:** familiares, amigos, compañeiros de estudos antigos ou actuais, veciños, mestres, outros profesionais do mesmo campo que o noso, etc.
6. **Planificación dos contactos.** Non se trata de organizar unha “cita formal” para falar de traballo, senón un encontro natural “para falar”, agás que sexa cunha persoa que hai moito tempo que non ves, se é así non enganes, xa que pode parecer unha manipulación, infórmao directamente da túa busca de emprego. Anota na túa axenda cando falaches con cada un destes contactos e que foi o que lle dixeches.
7. **Conversas naturais e informais.** Nas túas charlas con amigos non debes facer que a túa busca de emprego se convirta no eixo central da conversa, só lles estás pedindo información e que estean atentos a calquera oportunidade que xurda.
8. **Non sexas negativo.** Non tentes dar mágoa, non te queixes constantemente. Se o fas, probablemente incomodarás á outra persoa. Amosa que es un bo profesional e non transmitas pesimismo.
9. **Sé agradecido.** Normalmente ás persoas gústalles axudar se poden. Sé amable, cordial e mantén unha boa relación co teu entorno.

10. Contacta en momentos de ocio. De xeito informal os momentos de ocio son moi oportunos para ter conversas sobre a túa busca de emprego, xa que as persoas se amosan moito máis relaxadas e abertas.

11. Relaciónate con outras persoas que buscan emprego. Outros coñecidos que tamén buscan emprego poden ter información e poden contar experiencias para que non cometas os mesmos erros, por eso pode ser moi interesante acudir a talleres grupais de busca de emprego